

CO
S
C
E
CT

SUMARIO

- [1-5] NOVAS
 - [3] IGAEM
 - [4] Centro Dramático Galego
 - [5] Centro Coreográfico Galego
 - [5] Escola de Altos Estudos Musicais
- [6-7] AXENDA
- [8-9] ALERTA!
- [9] NOVIDADES EDITORIAIS
- [10-11] E_SCENA EN CIFRAS

 Podes navegar por e_scena premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

«ARTE A ESCENA», «30.000» E «KAMIKAZE» INTEGRAN O PLAN DE COPRODUCCIÓN DO CCG E O CDG

AS TRES PROPOSTAS, DÚAS DO ÁMBITO DA DANZA, E A TERCEIRA DE NOVO CIRCO, ESTRÉANSE ENTRE MAIO E XUÑO EN SANTIAGO

EXPERIMENTA DANZA, PISANDO OVOS E PISTA CATRO ELABORARON CADANSÚA MONTAXE SEGUINDO DISTINTOS MODELOS DE ACHEGA DE RECURSOS POR PARTE DAS UNIDADES ARTÍSTICAS DO IGAEM

O Centro Coreográfico Galego (CCG) e o Centro Dramático Galego (CDG), unidades de produción artística do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), inauguran os seus respectivos plans de coprodución coas compañías privadas galegas mediante a estrea de tres espectáculos, froito de distintos modelos de cooperación con cada equipo de creadores. *Arte a escena*, de Experimenta Danza, e *30.000*, de Pisando Ovos, son os títulos das montaxes e as compañías que abren o sistema de coproducións do CCG, en tanto que *Kamikaze*, a cargo do colectivo de novo circo Pista Castro, é a proposta participada polo CDG. As tres producións estrearanse diante do público en maio e xuño no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

[continúa na páxina seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos: Área de Comunicación.

Deseño gráfico: Uqui / Cebra

Fotografías:

Arquivo IGAEM/

FOTO CAPA: OSWALDO GARCÍA

D.L.: C-826-06

COPRODUCCIÓN COPRODUCCIÓN COPRODUCCIÓN

[vén da páxina anterior]

No caso do CCG, a iniciativa supón un importante banzo adiante que complementa o seu proxecto de apoio integral á danza en Galiza. Trala exitosa experiencia de *Vacuo* como produción propia, o CCG comeza agora o seu labor de apoio específico a proxectos concretos presentados polas compañías privadas galegas, mediante unha completa colaboración para a montaxe de dous espectáculos diferenciados tanto polo seu procedemento de concepción como polo tipo de espectadores ao que van dirixidos.

Así, en *Arte a escena* Experimenta Danza ofrece unha peza coreográfica creada e interpretada por Carlota Pérez, Danae de la Vega e Sacha, orientada para público familiar e cuxa estrea será os días 19 e 20 maio. Durante os tres meses que durou a preparación deste espectáculo, a compañía poido disfrutar de distintos locais de ensaio adecuados a cada momento da produción, así como un labor continuo de asesoramento sobre a planificación xeral e a posibilidade de participar en actividades de formación.

Para *30.000*, Pisando Ovos beneficiouse durante un período máis longo, de 9 meses, tamén de diversas sedes facilitadas polo CCG coas condicións idóneas para levar a cabo o seu traballo de investigación e indagación no seu propio estilo coreográfico. A compañía que integran Rut Balbís e David

Loira profundizou neste tempo na súa poética, facendo fincapé en cada punto do proceso de crección á vez que no resultado final.

APOSTA POLO NOVO CIRCO

No que atinxe ao CDG, a súa directora, Cristina Domínguez amosara xa ao inicio da temporada como intención prioritaria da compañía pública a de establecer, a través dun sistema de coproducións, novas canles de colaboración coas compañías privadas. A elección de Pista-catro Produtora de Soños para principiar este sistema constitúe unha clara aposta pola potencialidade do novo circo como puxante estilo escénico en Galiza e supón, á vez, a entrada deste xénero por vez

primeira no repertorio do Centro Dramático Galego, o que se materializa da man dunha agrupación con máis de 7 anos de experiencia e traxectoria.

Kamikaze, que se representa do 14 ao 17 de xuño, é un espectáculo cómico dirixido a todos os públicos, no que están presentes tamén teatro, ilusionismo e música en directo. Trátase dunha creación colectiva con dirección de Hernán Gené (premio Max 2005 ao mellor espectáculo de teatro por «Sobre Horacios y Curiacios» de Teatro de La Abadía), na que participan como membros do elenco Antón Coucheiro, Natalia Outeiro, Manuel Lago, Pablo Reboleiro, Xabier Mera, Borja Fernández e Alfonso Medina.

Arte a Escena, coprodución do CCG con Experimenta Danza



O IGAEM ADXUDICA AXUDAS Á ACTIVIDADE ESCÉNICA DE 32 COMPAÑÍAS DE TEATRO E DANZA

O Consello Reitor do IGAEM ratificou as propostas de resolución das comisións de valoración de parte das axudas ao sector escénico e musical galego para 2007, entre as que se atopan todas as categorías previstas para a actividade de produción de empresas de teatro e danza, das que se beneficiarán 32 compañías galegas, tanto en réxime de concertación anual como bianual. A cantidade total reservada polo IGAEM a este concepto ascende a 960.000 euros, que se corresponde á suma das contías destinadas ás categorías de nova creación, e de actividade escénica no ámbito de teatro de actor, de monicreques e de danza.

Os beneficiarios das axudas –en asignacións que oscilan entre os máis de 50.000 e de 13.000 euros– son Teatro Lope de Vigo (Nova creación, bianual); Contrabuta e Nut (Nova creación, anuais); Trompicallo, Tanxarina, Lagarta la-

garta, Noroeste, Morcego, Espello Cóncavo, Factoría, Ningures, Talía, Nove Dous, Espiral, Sarabela, Kukas, Cachirulo, Viravolta e Encena (Teatro de actor e monicreques, bianuais); Buratini, Matarile, Volta e Dálle, Galería, Berrobambán, Atlántico e Quinquilláns (Teatro de actor e monicreques, anuais); Inquedanza, Ballet Studio e Nova Galega de Danza (Danza, bianuais); e JesúsQuiroga, M. González e M. de Rande (Danza, anuais).

Nesta primeira quenda tamén se resolveron as axudas da modalidade B, nos seus tres subtipos: axudas á distribución exterior de espectáculos de artes escénicas e musicais, axudas para a asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical e axudas para a promoción e difusión musical. Outros apartados así mesmo decididos son o D (axudas a salas de teatro e artes escénicas privadas), o F2 (investigación), o F3 (práctica profesional) e F4 (residencias de danza). Os detalles dos informes de adxudicación pódense consultar en www.igaem.xunta.es.

ÉXITO DE PARTICIPACIÓN NAS XORNADAS «CARA A UNHA INDUSTRIA MUSICAL GALEGA»

As xornadas de debate *Cara a unha industria musical galega*, que o IGAEM organizou no Auditorio de Galicia, en Santiago, os pasados 10 e 11 de abril, constituíron o primeiro foro de debate sobre a situación actual da industria musical en Galiza e de recepción de propostas das liñas de actuación prioritarias de cara ao futuro, aspectos aos que contribuíron coas súas achegas os máis de 150 participantes activos no evento.

As xornadas desenvolvéronse cun dobre formato: por unha banda un programa aberto con conferencias, presentacións de proxectos e mesas redondas sobre os principais temas de interese (distribución dixital, dereitos de autor, proxección exterior, medios de comunicación, programación, etc.); e por outra un programa pechado de mesas de traballo de determinados participantes cos principais axentes do sector da industria musical galega. Estas mesas de traballo resultaron especialmente produtivas e delas saíron desde iniciativas concretas para

aspectos como o asociacionismo do sector ou novos contidos musicais para os medios de comunicación (TVG principalmente), até reflexións máis xerais sobre a distribución dixital e a xestión musical.

As xornadas serviron, ademais, para propiciar unha nova oportunidade para o intercambio e o diálogo, despois da experiencia iniciática do MIDEM, entre os principais axentes da industria musical galega. O colectivo, que se inscribiu nas xornadas nun case cento por cento, enfrontouse á reflexión sobre o seu labor cotián e sobre os retos vindeiros.

Tras os dous días do encontro, as impresións do sector e dos participantes de dentro e de fóra do país amosáronse positivas, tanto no tocante ao interese dos temas e a intensidade dos debates, como na valoración do especial momento que vive a música galega actual e o dinamismo e creatividade coas que a industria musical galega a acompaña. A valoración do proveito da celebración deste tipo de foros foi practicamente unánime, até o punto de seren trasladadas xa suxestións para a organización dunha segunda edición destas xornadas en 2008.



Unha das mesas de debate das Xornadas



Luis Bará, Ánxela Bugallo e Miguel Martín nas xornadas



Tarará-Chis-Pum!

TARARÁ-CHIS-PUM! EXHÍBESE NO FESTIVAL «FAZER A FESTA» DE PORTO

O Festival Internacional de Teatro Fazer a Festa, que organiza en Porto (Portugal) a compañía Art'Imagem, inclúe no programa da súa vixésimo sexta edición unha función da produción do Centro Dramático Galego *Tarará-Chis-Pum!*. O festival, que se celebra na cidade lusa do 4 ao 13 de maio coa participación de 14 espectáculos de Portugal, España e Aleña, caracterízase polo seu traballo de especial sensibilización cara ao público infantil e xuvenil.

José Leitão, director artístico do certame, deseñou o contido para o Fazer a Festa 2007, no que conflúen compañías consagradas con novos valores escénicos, presentación de proxectos e de creadores, así como un programa especialmente dirixido

ás escolas, exposicións, debates, música e cine-video.

Tarará-Chis-Pum!, a obra dirixida por Artello Teatro (Rosa Hurtado e Santiago Montenegro) que interpretan Anabel Gago, Avelino González, Bea, Fran Peleteiro, Manuel Polo, Noemi Rodríguez e José Carlos Illanes, represéntase o 6 de maio ás 16:30 horas no Auditorio da Biblioteca Almeida Garrett, unha das tres sedes do festival, xa que a programación tamén se desenvolve nos xardíns do Palacio de Cristal e no TECA (Teatro Carlos Alberto).

O espectáculo completa coa actuación de Porto o seu ciclo de distribución despois de realizar, desde a súa estrea en Vigo o pasado 2 de febreiro, funcións en 10 escenarios doutras tantas vilas e cidades e galegas e de visitar tamén a Feira Europea de Teatro para Niños y Niñas (FETEN) de Xixón.

O SALÓN TEATRO ACOLEU A PRESENTACIÓN DO PREMIO BORN

O Salón Teatro de Santiago de Compostela acolleu o pasado sábado 21 de abril a presentación das bases que rexerán a XXXII convocatoria do Premio Born de Teatro, que por primeira vez prevé que a obra gañadora deste prestixioso galardón sexa traducida e publicada en galego, froito dun convenio de colaboración asinado coa Revista Galega de Teatro (RGT).

O acto, organizado polo Cercle Artístic de Ciutadella e o Centro Dramático Galego, contou coa intervención de Néstor Rego, concelleiro de Cultura de Compostela, Llorenç Brondo, alcalde de Ciutadella de Menorca, Damià Borrás, vicepresidente e primer conseller de Presidencia y Movilidad del Consell Insular de Menorca, Antoni Juaneda, director general de Relaciones Institucionales del Govern de les Illes Balears, Esperança Pons, presidenta do Cercle Artístic de Ciutadella e Cristina Domínguez Dapena, directora do CDG.

Pepe Henríquez e Antón Lamepadeira, responsables de Primer Acto e da Revista Galega de Teatro respectivamente, presentaron a edición

de *Origami*, título da obra coa que o escritor Carlos Be gañou o Born 2006. Precisamente, a RGT será a publicación que editará a versión galega do próximo texto distinguido con este galardón, o que suporá a súa tradución a tres dos catro idiomas oficiais do estado español, xa que até agora xa se viña difundindo en castelán e catalán.

Creado en 1970 polo Cercle Artístic, Sociedade Cultural de Ciutadella de Menorca, o Born rebasou as trinta convocatorias e é hoxe en día un dos máis recoñecidos da escena española, que gañaron en anteriores edicións autores como Juan Mayorga, Antonio Álamo ou Jordi Galcerán, en-

tre outros. É, ademais, un dos galardóns para textos dramáticos de maior dotación de cantos se convocan en España, xa que está remunerado con 18.500 euros.

As bases da actual edición especifican que os orixinais poden concorrer escritos en calquera das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma das Illes Balears e que os autores poden presentar baixo lema cantas obras desexen, sempre que non fosen publicadas, representadas nin premiadas con anterioridade. Admítense traballos feitos en colaboración entre varios dramaturgos. O prazo de admisión remata o 31 de xullo e o ditame do xurado farase público o 24 de novembro.

CECILIA CARBALLIDO, NOVA XEFA DE PRODUCCIÓN DO CDG

Cecilia Carballido Couceiro (A Coruña, 1978) incorpórase ao cadro de persoal do IGAEM como nova xefa de Producción do Centro Dramático Galego, en substitución de Carme Varela, quen deixou o posto o pasado mes de marzo para emprender novas tarefas profesionais.

Carballido, licenciada en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e formada en xestión cultural, procede do ámbito da empresa privada, xa que viña desenvolvendo desde 2004 labores de produción de espectáculos en Nordesía Produccións. A súa traxectoria profesional dos anos anteriores está moi vencellada ao ámbito cultural, e especificamente ao teatral, xa que traballou como asistente de dirección de varias montaxes e eventos desenvolvidos en Galiza. Entre 1996 e 2002 foi membro (axudante de dirección, actriz e técnico de escena) da Aula de teatro da USC, colectivo co que participou en 6 espectáculos. Tamén asumiu a coordinación e asistencia de produción do Festival Internacional de Teatro Universitario da USC entre 1998 e 2003.



Presentación do Premio Born de teatro

UXÍA VAELO INAUGURA O PROGRAMA DE RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DO CCG

Uxía P. Vaello inaugura este mes de maio o programa de residencias artísticas do Centro Coreográfico Galego (CCG) co proxecto *Arder nun hotel*, un solo creado e interpretado pola bailarina galega, con asistencia coreográfica de Catarina Cámara, son de Daniel Patiño e vestuario de Uxía P. Vaello e Clotilde Vaello.

Este solo forma parte dun proxecto de danza internacional que completan outras dúas pezas, tamén de execución individual, preparadas a través de estímulos similares percibidos por tres bailarinas en tres territorios: Uxía Vaello en Galicia, Joana Bergano en Portugal e Gabriela Tarcha en Holanda.

Para a montaxe de *Arder nun hotel*, a bailarina traballará durante catro semanas nas dependencias do CCG na Coruña, para a posta a punto do espectáculo que se estereará o próximo 24 de xuño no festival En pé de pedra 2007 de Santiago de Compostela.

Baixo o título *Artistas en residencia*, o CCG abre unha nova vía de apoio á danza mediante o fomento da reciclaxe profesional e a formación específica neste eido, así como a promoción da práctica profesional e a actividade investigadora. Os beneficiarios/as



Uxía Vaello
FOTO: RICARDO ALMEIDA / POLITÉCNICA

destas residencias resultan dunha convocatoria pública (modalidade F4 das axudas do IGAEM), na que se valora a traxectoria dos concorrentes e o grao de innovación creativa, a colaboración con outros territorios ou a interacción con outras manifestacións artísticas dos seus proxectos.

ABERTA A INSCRICIÓN PARA O TALLER DE JANUSZ SUBICZ, DISCÍPULO DE PINA BAUSCH

O CCG mantén aberto até o 18 de maio o prazo de inscrición no taller de improvisación e composición coreográfica que impartirá no mes de xuño na Coruña o bailarín e profesor de orixe polaca Janusz Subicz, membro da compañía danza-teatro de Pina Bausch.

O taller é un traballo de improvisación que culmina nunha composición individual inspirada por un soporte musical. Da análise dos movementos, nos que se inclúen os xestos da infancia e da vida cotiá, xurde a emoción e a fantasía. A utilización dun soporte musical permite unha interpretación, unha colaboración específica á creatividade de cada persoa.

O curso, que oferta 20 prazas, desenvolverase na sede do CCG do 4 ao 8 e do 11 ao 15 de xuño, en horario de 10:00 a 14:00 horas. O prezo é de 120 euros, con descontos do 25% para membros das asociacións de danza de Galiza, titulares de carné xove, de estudante, desempregados e familias numerosas. As prazas dispoñibles adjudicaránse por orde de entrada das solicitudes de inscrición no rexistro.

Janusz Subicz (Varsovia, 1951), estudou 9 anos na Escola Nacional de Ballet da súa cidade natal. Traballou como bailarín na Ópera de Marsella, no Ballet Teatro Contemporáneo de Angers, na Nurkil Dance Company con técnica de Martha Graham, con Peter Gross en París, con Yuriko e EE. UU., con Betty Jones e Fitz Luden; e na compañía de Tyla Tarp de Nueva York. É bailarín da compañía de danza-teatro de Pina Bausch dende 1979.

UN TOTAL DE 120 MÚSICOS ASPIRAN ÁS 30 PRAZAS DE ALUMNOS ACTIVOS DA EAEM

Un total de 120 xoves músicos, na súa meirande parte galegos, inscribíronse para optar a unha das 30 prazas de alumnos activos nas 12 especialidades instrumentais que se imparten na Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) para a promoción 2007-2009 da súa Sección de Especialización. As probas de admisión terán lugar entre o 7 e o 11 de maio na sede da Escola.

Os interesados inscritos que cumpran todos os requisitos documentais terán que superar as audicións, que se desenvolverán por instrumentos nos devanditos días. Así, o luns 7 realizaranse as probas de trompeta, frauta e fagot; o martes 8 as de trombón, oboe e clarinete; o mércores 9 as de percusión, o xoves 10 as de viola, violonchelo e violín; e o venres 11 as de contrabaixo e trompa.

Aqueles que, reunindo os requisitos para formar parte do alumnado da Escola, non acaden a puntuación necesaria para ser alumnos activos, pasarán a integrar unha lista de espera, que terá un período de validez dun ano. Todos os admitidos nas listas terán dereito á asistencia gratuíta ás clases e cursos maxistrais que se organicen.



Christian Hilz


Os alumnos activos dispoñen, ao longo dos dous anos que abrangue o plan de estudos, dunha clase individual semanal, clases de música de cámara, clases de práctica de orquestra e clases teóricas relacionadas coas cuestións que se presentan na práctica profesional.

O BARÍTONO CHRISTIAN HILZ ACOMPAÑA Á ORQUESTRA DA EAEM NUN CONCERTO QUE DIRIXE MAXIMINO ZUMALAVE

O Auditorio da EAEM acolle o sábado 5 de maio, ás 20:30 horas, un concerto da orquestra da Escola de Altos estudos Musicais baixo a dirección de Maximino Zumalave e co barítono alemán Christian Hilz como solista. O recital, de entrada gratuíta, prográmase como parte do plan pedagóxico da Escola no que atinxe á introdución dos

alumnos na práctica orquestral, mediante a interpretación nesta ocasión das obras *Dez melodías vascas*, de J. Guridi, *As cancións do camarada errante*, de G. Mahler e a *Sinfonía 101 (O reloxo)* de J. Haydn.

Christian Hilz é internacionalmente coñecido como un dos intérpretes máis versátiles do repertorio sinfónico e operístico actual. Adícase tanto ao repertorio barroco como á música clásica e contemporánea e ten traballado con directores da sona de Andrew Parrott, Martin Haselböck, Nicolas McGegan, Joshua Rifkin, Ivor Bolton, Krzysztof Penderecki ou Joseph Pons. Dá recitais con regularidade por toda Europa xunto ao pianista Katja Bouscarrut, con quen gravou as cancións de Gustav Mahler e de Bruno Walter para o selo discográfico noruegués 2L.

02 MÉRCORES	 <i>Pisando Ovos</i>	 <i>Berrobambán</i>					CDG <i>A piragua</i> Santiago 11.00h SALÓN TEATRO	02 MÉRCORES		
03 XOVES		Pisando Ovos <i>N8 OHX</i> Santiago 22:00 h SALA NASA	Berrobambán Teatro <i>Buh!</i> Ribadeo 11.00 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Teatro do Atlántico <i>Memoria do 36</i> Pontevedra 20.30 h TEATRO PRINCIPAL	A Internacional <i>Perón, Perón</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL		CDG <i>A piragua</i> Santiago 11.00h SALÓN TEATRO	03 XOVES		
04 VENRES	A Internacional <i>Perón, Perón</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Teatro de la Luna <i>Ferdinando</i> Sada 18.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS	Artello-Teatro Alla <i>Scala 1:5 De fábula</i> Tui 20.30 h TEATRO MUNICIPAL – EDIFICIO ÁREA PANORÁMICA	Espello Cóncavo <i>Zardigot</i> Culleredo 20.30 h EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES O BURGO	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Ourense 20.30 h TEATRO PRINCIPAL	Fulano, Mengano e Citano <i>O faro</i> Boiro 21.00 h CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ	CDG <i>A piragua</i> Santiago 20.30h SALÓN TEATRO	Pisando Ovos <i>N8 OHX</i> Santiago 22:00 h SALA NASA	04 VENRES	
05 SÁBADO	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Ourense 20.30 h TEATRO PRINCIPAL	 <i>Teatro de la Luna</i>	Os Colomabaños <i>Os Colomabaños</i> A Estrada 18.00 h TEATRO PRINCIPAL	Mago Richard <i>Benvidos isto é maxia</i> Burela 18.00 h CASA DA CULTURA	Teatro de Ningures <i>Tartufo</i> Foz 19.30 h SALA BAÍA	Teatro do Morcego <i>Os patios da memoria</i> A Coruña 20:30 h TEATRO DEL ANDAMIO	 CDG <i>A piragua</i> Santiago 20.30h SALÓN TEATRO		05 SÁBADO	
	Teatro do Atlántico <i>Memoria do 36</i> Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL		Ludus Tonalis <i>Xogos tonaís</i> Ortigueira 20.30 h TEATRO DA BENEFICENCIA	Talía Teatro <i>O merlo branco</i> Vilanova 19.30 h CASA DA CULTURA	Pisando Ovos <i>N8 OHX</i> Santiago 22:00 h SALA NASA	Oquestra da EAEM <i>Maximino Zumalave, (director)</i> Christian Kilz, barítono 20.30h Santiago AUDITORIO DA EAEM				
06 DOMINGO	Talía Teatro <i>O merlo branco</i> Muros 18.00 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Teatro dos Tirinautas <i>O derradeiro chimpín</i> Sada 20.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Pisando Ovos <i>N8 OHX</i> Santiago 22:00 h SALA NASA	Teatro do Morcego <i>Os patios da memoria</i> A Coruña 20:30 h TEATRO DEL ANDAMIO	Sapristi <i>Unha merenda de Alicia</i> Vigo 12:00 h TEATRO ARTE LIVRE	CDG <i>Tarárá-Chis-Pum!</i> O Porto (Festival Fazer a Festa) 16:30 h B. ALMEIDA GARRET	CDG <i>A piragua</i> Santiago 18.00h SALÓN TEATRO	06 DOMINGO	
08 MARTES	Os Colomabaños <i>Os Colomabaños</i> Lalín 12.00 h NOVO SALÓN TEATRO	 <i>Teatro dos Tirinautas</i>	08 MARTES	 <i>Teatro do Noroeste</i>	09 MÉRCORES	Os Colomabaños <i>Os Colomabaños</i> Lalín 10.00 h - 12.00 h NOVO SALÓN TEATRO	Títeres en acción <i>Trastos vellos</i> Ribadeo 15.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	CDG <i>A piragua</i> Santiago 11.00 h SALÓN TEATRO	09 MÉRCORES	
	Títeres Cachirulo <i>O libro da selva</i> Monforte 18.00 h CASA DA CULTURA				10 XOVES		CDG <i>A piragua</i> Santiago 11.00 h SALÓN TEATRO	10 XOVES		
11 VENRES	Espello Cóncavo <i>Zardigot</i> Ribadeo 11.00 h - 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Títeres Trompicallo <i>Nadarín</i> Boiro 20.00 h CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ	O Mago Teto <i>Perto de ti</i> Tui 20.30 h TEATRO MUNICIPAL - EDIFICIO ÁREA PANORÁMICA	Teatro do Noroeste <i>Romeo e Xulieta</i> Ferrol 20.30 h TEATRO JOFRE	Berrobambán Teatro <i>Buh!</i> O Barco 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL LAURO OLMO	Companhia do Chapitô <i>O grande criador</i> Muros 22.00 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Noia 22.00 h TEATRO COLISEO NOELA	CDG <i>A piragua</i> Santiago 20.30 h SALÓN TEATRO	Fulano, Mengano e Citano <i>Arte</i> Vigo 22.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	11 VENRES
12 SÁBADO	Os Sete magníficos Máis un <i>O gordo e o calvo</i> A Estrada 18.00 h TEATRO PRINCIPAL	Pablo Nojés e Páprika <i>Que pasa na praza?</i> Vigo 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Mago Benxamín <i>A maxia de Benxamín</i> Muros 19.00 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Teatro Galileo <i>O avaro</i> Foz 19.30 h SALA BAÍA	Quinteto de vento Pentafonía <i>Concerto</i> Cariño 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Companhia do Chapitô <i>O grande criador</i> Vilalba 20.30 h AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Ponteareas 21.30 h AUDITORIO REVERIANO SOUTULLO	CDG <i>A piragua</i> Santiago 20.30 h SALÓN TEATRO	Talía Teatro <i>Quero ser grande</i> A Coruña 20:30 h TEATRO DEL ANDAMIO	12 SÁBADO
13 DOMINGO	Migallas Teatro <i>E se o cantamos?</i> As Pontes 12.00 h CASA DOPESO	Berrobambán Teatro <i>Buh!</i> Ames 17.00 h CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS	Teatro do Liló <i>A lampariña de cristal</i> Ribadeo 17.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Mago Richard <i>Benvidos isto é maxia</i> Ponteareas 19.30 h AUDITORIO REVERIANO SOUTULLO	Sarabela Teatro <i>Cristovo e as marabillas</i> Muros 18.00 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Tanttaka Teatroa <i>O florido pensil</i> Ourense 20.00 h TEATRO PRINCIPAL	Talía Teatro <i>Quero ser grande</i> A Coruña 20:30 h TEATRO DEL ANDAMIO	CDG <i>A piragua</i> Santiago 18.00 h SALÓN TEATRO	Sapristi <i>Unha merenda de Alicia</i> Vigo 12:00 h TEATRO ARTE LIVRE	13 DOMINGO
15 MARTES	Teatro do Liló <i>A lampariña de cristal</i> Monforte 18.00 h AULA DE CULTURA		15 MARTES		16 MÉRCORES	San&saN Bar Boiro 21.00 h CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ			16 MÉRCORES	

17 XOVES	Pablo Nojés e Páprika <i>Que pasa na praza?</i> Burela 18.00 h CASA DA CULTURA	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Cariño 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Ferrol 20.30 h TEATRO JOFRE		CDG <i>A piragua</i> Ourense 20.30 h TEATRO PRINCIPAL	A Hawk and a Hawksaw & the Han Hunger ensemble <i>Concerto</i> 22.00 h	17 XOVES	
18 VENRES	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Boiro 21.00 h CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> A Estrada 21.30 h TEATRO PRINCIPAL	Teatro dos Tirinautas <i>O derradeiro chimpan</i> Tui 21.30 h TEATRO MUNICIPAL - EDIFICIO ÁREA PANORÁMICA		Teatro Galileo <i>O avaro</i> Carballiño 22.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	CDG <i>A piragua</i> Vigo 22.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	Coprodución CCG e Experimenta Danza <i>Arte a escena</i> 18.00 h / 20.30 h	18 VENRES
19 SÁBADO	Títeres en acción <i>Trastos vellos</i> Burela 18.00 h CASA DA CULTURA	Teatro dos Tirinautas <i>O derradeiro chimpan</i> Sanxenxo 21.30 h CASA DA CULTURA EMILIA PARDO BAZÁN	Compañía Seisdedos <i>Dueto de fio</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO		Coprodución CCG e Experimenta Danza <i>Arte a escena</i> 18.00 h / 20.30 h		19 SÁBADO	
20 DOMINGO	Compañía Seisdedos <i>Dueto de fio</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	Experimenta Danza <i>Imagina que...</i> Vigo 12:00 h TEATRO ARTE LIVRE					20 DOMINGO	
21 LUNS	 <i>Nut Teatro</i>				SALÓN TEATRO (Santiago)	Teatro na Falúa <i>Cando a noite cae</i> 20.30 h	21 LUNS	
22 MARTES						Aula de Teatro da Universidade de A Coruña <i>Os fusís da señora Carrar</i> 20.30 h	22 MARTES	
23 MÉRCORES						Murmurios <i>Entrevista a Mrs. Smith morta</i> 20.30 h	23 MÉRCORES	
24 XOVES	Nut Teatro <i>Corpos disidentes</i> Santiago 22:00 h SALA NASA	Malasombra <i>Non é tan fácil</i> Santiago de Compostela 21.00 h TEATRO PRINCIPAL				NNC <i>Segredos a voces</i> Día 24 20.30 h	24 XOVES	
25 VENRES	Nut Teatro <i>Corpos disidentes</i> Santiago 22:00 h SALA NASA	La Imagina Machina <i>A viaxe de Efi</i> Tui 20.30 h TEATRO MUNICIPAL - EDIFICIO ÁREA PANORÁMICA	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Ames 21.00 h CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO	Malasombra <i>Non é tan fácil</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Fulano, Mengano e Citano Arte A Estrada 21.30 h TEATRO PRINCIPAL	Teatro Quartoescuro <i>Unha parella ideal</i> Día 25 20.30 h	25 VENRES	
26 SÁBADO	Nut Teatro <i>Corpos disidentes</i> Santiago 22:00 h SALA NASA	Títeres en acción <i>Trastos vellos</i> Vigo 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro do Morcego <i>O burgués fidalgo</i> Foz 19.30 h SALA BAHÍA	 <i>Lagarta Lagarta</i>	 <i>Mofa e Befa</i>	Teatro no Aramio <i>A última balada</i> Día 26 20.30 h	26 SÁBADO	
27 DOMINGO	Experimenta Danza <i>Imagina que...</i> Vigo 12:00 h TEATRO ARTE LIVRE	 <i>Malasombra</i>					27 DOMINGO	
31 VENRES	Teatro del Andamio <i>Yepeto</i> Santiago 22:00 h SALA NASA						31 VENRES	

3. OUTRAS CONVOCATORIAS

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Premio Born de Teatro	XXXII edición do premio que convoca o Circle Artistic de Ciutadella (Menorca), dotado con 18.500 e a edición da obra gañadora en español, catalán e galego.	Textos dramáticos inéditos, escritos en castelán ou catalán, non representados nin premiados noutros concursos.	31 de xullo
Programación «125 anos de Teatro Galego»	Convocatoria da Consellería de Cultura e Deporte para a programación conmemorativa de 125 funcións de teatro (25 espectáculos) de todos os estilos durante os meses de verán.	Compañías de teatro galegas que ofrezan propostas escénicas enmarcadas nos seguintes 5 tipos: espectáculos para teatros, auditorios, casa de cultura e centros cívicos; espectáculos susceptibles de adaptación ao aire libre; espectáculos de teatro de rúa; intervencións teatrais en espazos non convencionais e intervencións de animación teatral en espazos puntuais.	25 de maio

Sinfonía nº 1

Andrés Gaos

Colección Ars Gallaeciae Musicae
Serie Agra Vella, nº 18
ISMN: M-9013123-6-4
PVP: 80 euros

Trátase da primeira sinfonía composta por Andrés Gaos, revisada e completada polo compositor João Trillo. A obra está integrada por dous volumes re-tractilados e vendidos conxuntamente: un coa partitura xeral para o director da orquestra, e outra carpeta que contén todas as partes de instrumento, gram-padas de xeito independente.




Sinfonía nº 1 Redución para piano

Andrés Gaos

Colección Ars Gallaeciae Musicae
Serie Agra Vella, nº 19
ISMN: M-9013123-7-1
PVP: 15 euros

Seguindo a publicación da Sinfonía completa (–nº 18 da serie Agra Vella– partitura xeral para orquestra e partes de cada instrumento) editase a redución para piano desta peza composta por Andrés Gaos.



Dramaturxia. Teoría e práctica

Afonso Becerra de Becerreá

Editorial Galaxia-IGAEM
Colección Biblioteca de Teatro
Serie Manuais, nº 9
ISBN: 978-84-453-4388-3
PVP: 23 euros

Libro no que o profesor da Escola de Arte Dramática analiza os aspectos máis substantivos dunha disciplina recente como é a dramaturxia, disciplina que se ocupa dos procesos que van do texto ao espectáculo.



Rexistro de datos Xaneiro/Marzo 2007				
IGAEM				
CCG	CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓN	ESPECT/FUNC
	Compostela	<i>Vacuo</i>	4	211,5
	A Coruña	<i>Vacuo</i>	2	459
	Vigo	<i>Vacuo</i>	1	729
	Narón	<i>Vacuo</i>	1	226
	Vilagarcía	<i>Vacuo</i>	1	125
	Pontevedra	<i>Vacuo</i>	1	197
	Barco de Valdeorras	<i>Vacuo</i>	1	85
	Tui	<i>Vacuo</i>	1	324
	Ferrol	<i>Vacuo</i>	1	193
	Lugo	<i>Vacuo</i>	1	189
	Ribadeo	<i>Vacuo</i>	1	136
	Cangas	<i>Vacuo</i>	1	367
	Ourense	<i>Vacuo</i>	1	223
				1.063,50 €
				1.991,20 €
				4.828,50 €
				978,00 €
				365,00 €
				685,00 €
				339,00 €
				1.133,00 €
				965,00 €
				1.083,00 €
				340,00 €
				1.408,00 €
				1.931,80 €
CDG	CONCELLO	ESPECTÁCULO	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC
	Ribadeo	<i>Regreso ao deserto</i>	1	97
	Vigo	<i>Regreso ao deserto</i>	1	244
	Narón	<i>Regreso ao deserto</i>	2	142
	Vigo	<i>Tará Chis Pum</i>	3	435
	As Pontes	<i>Tará Chis Pum</i>	3	153
	Ferrol	<i>Tará Chis Pum</i>	3	311
	Ourense	<i>Tará Chis Pum</i>	3	228,33
	Xixón	<i>Tará Chis Pum</i>	1	718
	A Coruña	<i>Tará Chis Pum</i>	5	230,8
	Compostela	<i>Tará Chis Pum</i>	19	184,74
				130,00 €
				1.584,00 €
				608,40 €
				1.337,67 €
				36,00 €
				168,33 €
				534,67 €
				-
				567,80 €
				487,42 €
SALÓN TEATRO	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	Nº FUNC	ESPECT/FUNC
	CCG	<i>Vacuo</i>	4	211,5
	Circolando	<i>Quarto Interior</i>	2	94
	Rui Horta	<i>Bones & Oceans</i>	2	37,5
	Marta Carrasco	<i>J'arrive..</i>	2	78
	Ur Teatro	<i>El chico de [...]</i>	2	104
	Alleretour	<i>Ellas</i>	2	33,5
	Teatre Lliure	<i>Last Chance [...]</i>	2	88
	Pedro Coello	<i>Fragments</i>	1	30
	La Zaranda	<i>Los que rien [...]</i>	2	59
	Manuel Rodeiro	<i>Fende-lo son</i>	1	81
	Teatro de Ninguers	<i>Emigrados</i>	2	230,5
	Drumming	<i>Un tributo a [...]</i>	1	135
	Rayo Malayo	<i>Los olvidados</i>	1	30
	Lagarta Lagarta	<i>As últimas lúas</i>	2	83,5
	CDG	<i>Tará-Chis-Pum!</i>	19	184,74
				1.063,50 €
				380,50 €
				155,50 €
				331,00 €
				417,00 €
				219,00 €
				419,50 €
				231,00 €
				323,00 €
				195,00 €
				563,00 €
				690,00 €
				179,00 €
				268,00 €
				487,42 €
TOTAL ACUMULADOS IGAEM 2007				
		FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN
	Salón Teatro	45	6.248	51,05%
	O regreso ao deserto (CDG)	4	625	35,84%
	Tará-Chis-Pum! (CDG)	37	8.764	63,00%
	Vacuo (CCG)	17	4.558	50,41%
				20.963,00 €
				2930,80 €
				18.330,00 €
				22.292,70 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIONS	ESPECT/ FUNC	FACT/ FUNCION
A Factoría Teatro	4	104	277,94 €
Ancora Produccións	3	59,33	244,67 €
Berrobambán Teatro	3	212	681,00 €
Caramuxo Teatro	2	60,5	43,33 €
Chrystyan Magic	2	261,5	460,75 €
Cyrille Sinclair de Magia a la carta	2	183	245,50 €
Cuarteto de corda da orquestra «Solistas de Galicia»	1	14	35,00 €
Dani García	1	50	101,00 €
Decamerón e Cía.	1	71	177,50 €
Dúo Antón de Santiago– Alexis Diez	1	71	177,50 €
Espello Cóncavo	3	124,67	711,93 €
Fulano, Mengano e Citano	8	201,75	624,20 €
Grupo de Música Antiga 1500	1	57	141,00 €
La Imagina Machina	4	142,25	217,10 €
Lagarta Lagarta	8	159,125	634,65 €
Luis Boyano	2	84,5	143,70 €
Mago Cali	1	271	325,20 €
Mago Marttyn	1	80	154,00 €
Mago Richard	2	135,5	243,25 €
Malasombra	2	92	263,88 €
Máscara Produccións	1	120	235,00 €
Migallas Teatro	2	134,5	187,00 €
Mimo- Mago Anyo	2	140	217,75 €
Mofa e Befa	4	220	747,40 €
Nove Dous	5	80,2	231,30 €
Nut Teatro	7	158,57	250,71 €
O Mago Teto	1	163	288,00 €
Os Colombaíños	2	94,5	221,00 €
Os Quinquilláns	1	250	0,00 €
Quinteto de vento Pentafonía	2	41,5	96,00 €
Quinteto de vento metal			
Santa Cecilia	1	70	51,00 €
Sala Yago	4	92,5	225,05 €
San&San	4	60,5	141,63 €
Sarabela Teatro	14	160,57	762,73 €
Susana de Lorenzo	1	22	110,00 €
Talía Teatro	4	179,5	535,88 €
Teatre Arca	7	99,71	463,01 €
Teatro de la Luna	3	189	398,00 €
Teatro de Ninguers	12	139,42	486,33 €
Teatro del Andamio	3	88,33	190,83 €
Teatro do Atlántico	9	75,44	228,34 €
Teatro do Lilo	1	196	424,00 €
Teatro do Morcego	11	146,82	497,80 €
Teatro do Noroeste	11	120,18	621,45 €
Teatro Español de Madrid	6	157,17	417,83 €
Teatro Galileo	8	92	349,18 €
Títeres Cachirulo	4	306,5	565,88 €

COMPAÑÍAS

Títeres Trompicallo	1	161	343,00 €
Titzina Teatre	4	69	297,25 €
Trio Musical Intermezzo	1	28	140,00 €
Vocalise	1	2	10,00 €

CONCELLOS/ENTIDADES

ENTIDADE	Nº FUNCIONS	ESPECT/ FUNC	FACT/ FUNC
A Coruña	8	132,25	861,28 €
A Estrada	1	60	260,00 €
Ames	6	77,17	162,33 €
Arteixo	8	171,625	217,33 €
As Pontes	5	120,6	160,68 €
Betanzos	3	99,67	257,17 €
Boiro	1	165	205,50 €
Burela	4	198,75	496,88 €
Cambados	4	111,75	138,00 €
Cangas	7	150,14	323,14 €
Carballo	4	146,75	383,90 €
Cariño	2	46	17,50 €
Cedeira	1	24	48,00 €
Cee	7	66,86	170,43 €
Culleredo	4	61	95,63 €
Ferrol	2	66,5	430,00 €
Foz	1	250	0,00 €
Lalín	1	108	312,50 €
Lugo	3	266	1.200,67 €
Monforte de Lemos	3	100,67	254,00 €
Muros	4	69,75	167,00 €
Narón	13	183,38	780,32 €
O Barco de Valdeorras	5	66	237,00 €
O Carballiño	3	110,33	325,33 €
Oleiros	4	174,75	510,13 €
Ourense	7	135,86	683,40 €
Ourense (Auditorio)	4	45,75	90,00 €
Ponteareas	3	219,67	375,00 €
Pontevedra	3	123,33	476,33 €
Redondela	7	215,86	659,57 €
Ribadeo	7	115,57	395,57 €
Sada	4	146,75	100,50 €
San Sadurniño	6	59	119,75 €
Santiago de Compostela	11	145,91	438,45 €
Sanxenxo	3	72,33	189,83 €
Tui	6	282,17	780,58 €
Vigo	7	187,86	587,14 €
Vigo (Caixanova)	4	212,25	1.279,50 €
Vilagarcía de Arousa	6	18,33	79,17 €
Vilalba	3	86,33	259,00 €
Vilanova de Arousa	1	20	0,00 €
Viveiro	3	91,67	374,67 €

TOTAIS RGTA	2006	2007
Funcions	156	189
Público	28.189	25.110
Ocupación	46,39%	33,61%
Facturado	93.572,60 €	78.073,28 €

Rexistro de datos Xaneiro/Marzo 2007



REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECTADORES/ FUNCION	FACTURACIÓN/ FUNCION
Sala Nasa (SANTIAGO)	8	64,75	372,00 €
Sala Yago (SANTIAGO)	24	48,6	237,06 €
Teatro Arte Livre (VIGO)	17	12,24	105,29 €
Teatro Ensalle (VIGO)	5	30	214,60 €
Teatro del Andamio (A CORUÑA)	5	33,2	94,20 €

TOTAIS REDE GALEGA DE SALAS:

FUNCIONS	PÚBLICO	Ocupación	FACTURACIÓN
59	2.208	35,19%	11.999,50 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO (Febreiro/marzo 2007)

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
6pm	5	62,8	126,80 €
A compañía do ruído	4	108,5	292,00 €
A matraca perversa	4	32,5	74,00 €
Aguardiente Swuing Quarter	3	40	198,33 €
Anacos de buxo	2	49,5	88,50 €
Anger	4	52	38,75 €
Ataque escampe	5	51	119,80 €
Blue rain	6	22,5	48,50 €
Bukovski trío	4	40	89,75 €
Coda	8	39,25	96,63 €
Color Café	3	82,67	149,67 €
Cornelius	6	64,17	192,50 €
Détour	1	20	60,00 €
Diego Freire	1	2	6,00 €
Diego Massinimi	5	14,8	26,20 €
Dios ke te crew	5	109,4	337,00 €
Dr. Funkstein	3	42,67	80,00 €
Dreams of dolly sheep	2	59	154,00 €
Ectoplasma	7	68,57	211,71 €
El Pablo	2	32,5	28,75 €
Ergon	3	91,33	170,33 €
Fabulosos cubatas de ...	4	63	152,25 €
Faltriqueira	2	45,5	193,50 €
Grasa	7	59,43	102,57 €

GRUPOS

Guezos	3	57,67	106,33 €
Hot Kawa Club	4	29,75	71,25 €
Jaso&Bo	6	33,83	46,67 €
Jato Neiro Jazz Trío	3	29,67	34,33 €
Lume	5	44,2	56,20 €
Marcos Pin Trío	4	29,75	104,50 €
Miguel Costas y la Banda turca	5	85,2	179,70 €
Mk Nónimo	2	32,5	28,75 €
Moon Cresta	4	29	110,75 €
Mr. Dixie Jazz Band	5	40,6	126,80 €
Narf	2	41	102,00 €
Niño y pistola	2	72	250,00 €
O leo i arremechágon	3	39,33	49,33 €
Os Trasnós de Moscoso	4	27	49,75 €
Pablo Bicho Cuarteto	4	44,75	76,25 €
Pepe Vaamonde Grupo	4	77,25	265,00 €
Phantom Club	3	61	123,33 €
Ragdog	4	54	128,25 €
Renato Spencer & Café Caxara	5	43,2	88,20 €
Roberto Somoza Cuarteto	3	33	114,00 €
Robin de los estercoleros	3	49,33	196,67 €
Ruxe-Ruxe	8	73,88	190,38 €
Sax Machine	4	48,75	123,00 €
Snail	2	35	20,00 €
Soak	2	49,5	147,50 €
Sugar Mountain	4	65,25	184,50 €
Tango Project	7	39,29	58,00 €
Telemaco	4	48	106,00 €
The Sweat	6	27,33	43,83 €
The Turre's Band	3	54,67	96,33 €
Thunn	2	52	432,00 €
Xoan Curiel	7	39,57	43,57 €
Zenzar	3	41,67	125,00 €
Zumbido	2	41	100,50 €

SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECTADORES/ FUNCION	FACTURACIÓN/ FUNCION
A Fragua (REDONDELA)	5	42	50,00 €
Ache (MARÍN)	4	60,25	183,25 €
Aturuxo (BUEU)	9	70,33	287,11 €
Auriense Café Cultural (OURENSE)	5	52,4	131,40 €
Bar Liceum (O PORRIÑO)	3	40,33	89,33 €
Baranda (O BARCO)	6	106,67	176,67 €
Barriga Verde (LALÍN)	1	20	40,00 €

SALAS

Borriquita de Belén (SANTIAGO)	5	47	46,00 €
Café Concerto Antano (ORDES)	7	61,14	114,86 €
Café Teatro Xesteira (OURENSE)	19	56,95	99,45 €
Café Cultural Roi Xordo (ALLARIZ)	5	37,2	116,00 €
Casa das Crechas (SANTIAGO)	2	37,5	72,00 €
Clandestino (NIGRÁN)	4	48,5	136,75 €
Clavicembalo (LUGO)	13	29,15	62,31 €
Contrabajo (VIGO)	3	31,67	38,33 €
El Ensanche (VIGO)	6	37,33	104,50 €
Forum Celticum (CULLEREDO)	3	133,33	216,67 €
Garufa (A CORUÑA)	5	39	144,40 €
Jazz Vides (A CORUÑA)	8	32,88	140,88 €
Jazz Filloa (A CORUÑA)	1	43	129,00 €
La Casa de Arriba (VIGO)	9	15,89	48,33 €
La Fábrica de Chocolate (VIGO)	10	61,1	242,20 €
Manteca Jazz (VIGO)	2	69,5	253,00 €
Marrucho (BAIONA)	5	49,2	167,40 €
O Con do Moucho (A ILLA DE AROUSA)	3	63,67	83,00 €
Planeta (SARRIA)	5	66,8	120,20 €
Pub d'Antón Rock Café (A LARACHA)	10	31,1	55,60 €
Pub Gatos (MELIDE)	9	38,67	69,78 €
Pub Kilé (ORDES)	3	68,33	108,33 €
Remache (VIGO)	4	35	99,25 €
Sala 600 (MELIDE)	6	50,17	83,67 €
Sala Clan (XINZO DE LIMIA)	5	83	249,00 €
Sala Dzine (SAN SADURNIÑO)	4	70,5	175,50 €
Sala Karma (PONTEVEDRA)	4	17,75	58,25 €
Sala Mogay (CHANTADA)	4	60,75	182,25 €
Sala Son (CANGAS DE MORRAZO)	6	29	69,67 €
Salón Parroquial (PONTEAREAS)	6	66	91,00 €
Vagalume Café Concerto (SALVATERRA)	3	86,67	233,33 €
Verbum Jazz (VIGO)	4	34,25	78,00 €
Verbum Náutico (VIGO)	4	35	53,00 €
Woodstock (PORTONOVO)	4	17	38,25 €
Zona Zero (CALDAS DE REIS)	4	80,75	194,25 €

TOTAIS REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

Concertos	228
Público	11.404
Ocupación	24,07%
Facturado	27.451,50 €



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA
 E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
 das artes escénicas
 e musicais

IGAEM Rúa da Vesada s/n.
 San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
 Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
 igaem@xunta.es / www.igaem.xunta.es